

RESOLUCIÓN SOBRE CRITERIOS DE LIQUIDACIÓN DAS TAXAS APLICABLES ÁS INSTALACIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE TERRAZAS DE HOSTALARÍA COMO CONSECUCENCIA DAS MEDIDAS ADOPTADAS NO MARCO DO ESTADO DE ALARMA MOTIVADO POLA CRISE SANITARIA POR CAUSA DO COVID-19.

O 14 de marzo de 2020 entrou en vigor o Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. A vixencia do estado de alarma foi prorrogada sucesivamente polo Real decreto 476/2020, do 27 de marzo, o Real decreto 487/2020, do 10 de abril, o Real decreto 492/2020, do 24 de abril, e o Real decreto 514/2020, do 8 de maio.

Entre as medidas que se estableceron no Real decreto 463/2020, así como na normativa que o complementa, singularmente o Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, está a de suspender o exercicio de determinadas actividades empresariais, comerciais, hostalaría, restauración, culturais e lecer.

Así, o dito Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e establece o confinamento da poboación prohibindo una serie de actividades económicas.

No artigo 10 do citado decreto establécese o seguinte:

“Suspéndense as actividades de hostalaría e restauración e poderán prestarse exclusivamente servizos de entrega a domicilio”.

A suspensión de actividades de hostalaría mantívose ata a aprobación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación das medidas establecidas na fase 1 do Plan para a transición de cara a unha nova normalidade, a cal tivo plenos efectos desde as 00.00 horas do día 11 de maio de 2020 e establece no seu artigo 15 a reapertura das terrazas ao aire libre dos establecementos de hostalaría e restauración.

Este cese por mandato legal de actividades de hostalaría afectou a actividade de terrazas ao aire libre de hostalaría e restauración e tivo loxicamente unha relación directa coa utilización e aproveitamento do dominio público autorizado e por conseguinte, no feito impoñible da taxa portuaria E-2 de utilización e ocupación suxeitas ben a autorizacións anuais ben a autorizacións de tempada, nas que a autorización de ocupación se realiza normalmente no período estival.

Neste senso é importante recordar que o feito impoñible da taxa E-2 é a utilización de explanadas, alpendres, depósitos, locais e edificios, cos seus servizos xerais correspondentes, non explotados en réxime de concesión. Utilización que implica a ocupación e aproveitamento de espazo portuario, aos efectos de que o suxeito pasivo, poida realizar con tal utilización o desenvolvemento en tales espazos da actividade de hostalaría, de xeito que causa última e real do gravame que constitúe esta taxa é a posibilidade de que o contribuínte dispoña efectivamente da posibilidade de utilizar o dominio autorizado para realizar tales aproveitamentos.

Pois ben, a declaración do estado de alarma veu a introducir unha nova variable que afecta á relación causal da autorización para a utilización e conseguinte aproveitamento do espazo portuario xa que conforme ao artigo 16.2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras



da Comunidade Autónoma de Galicia, o devandito mandato legal de suspensión total da actividade de hostalería efectuado polo xa citado RD 463/2020, do 14 de marzo, implica por si a imposibilidade xurídica e material de que o contribuínte realice o feito impoñible da dita taxa.

Xa que logo, por causas non imputables ó suxeito pasivo, éste non puido realizar a utilización e conseguinte aproveitamento especial do dominio público nin o desenvolvemos da actividade de terraza de hostalería nel, por imposición del Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, ata a data de aprobación a aprobación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio.

Esta entidade pública, oída a Dirección de Portos de Galicia, deu traslado o 16.05.2020 desta situación ao CECOP (D.O.G. do 19 de marzo de 2020), relativa a que por causas non imputables ao suxeito pasivo este non puido realizar a utilización e conseguinte aproveitamento especial do dominio público nin o desenvolvemento da actividade de terraza de hostalaría nel, por imposición do Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, ata a aprobación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, e que atendendo a esta circunstancia ía proceder a adoptar unha serie de criterios de exacción tributaria en relación ás taxas aplicables ás instalacións en dominio público portuario de terrazas de hostalaría, respecto das autorizacións destas.

Polo tanto, tendo en conta que por causas non imputables ao suxeito pasivo este non puido realizar a utilización e conseguinte aproveitamento especial do dominio público nin o desenvolvemento da actividade de terraza de hostalaría nel, por imposición do Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o estado de alarma, ata a aprobación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, procede a adoptar criterios de exacción tributaria respecto das taxas aplicables ás instalacións en dominio público portuario de terrazas de hostalaría, respecto das autorizacións, e xa que logo ao abeiro do artigo 12 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, RESOLVO:

Primeiro. - Que Portos de Galicia, conforme a normativa legal, cobrará aquelas taxas nas cales se teña producido de xeito efectivo a utilización do dominio portuario coa instalación de terrazas, polo tempo correspondente desde a entrada en vigor do estado de alarma o 14 de marzo de 2020 ata a aprobación da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, de plenos efectos desde as 00.00 horas do día 11 de maio de 2020..

Segundo. - O persoal e servizos de Portos de Galicia, baixo a supervisión da Dirección Xeral que interveñan no procedemento na tramitación tributaria das taxas portuarias realizará cantos actos sexan necesarios para a comprobación e aplicación do establecido no apartado primeiro desta resolución.

Na data da sinatura electrónica.
A Presidenta.

